

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS**AUGAS DE GALICIA**

RESOLUCIÓN do 9 de decembro de 2025 pola que se dá publicidade ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 3 de novembro de 2025, polo que se aproban as aglomeracións urbanas de Galicia para xestión dos sistemas de saneamento e depuración da Comunidade Autónoma de Galicia e se dispón a publicación das devanditas aglomeracións urbanas no Rexistro de Aglomeracións Urbanas creado pola Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga.

O artigo 6.1 da Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga, dispón que, coa finalidade de ordenar a xestión dos sistemas de saneamento e de depuración da Comunidade Autónoma de Galicia e contribuír ao cumprimento das obrigas relacionadas co tratamento das augas residuais urbanas, a Administración hidráulica de Galicia fixará as aglomeracións urbanas en que se estrutura o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, en concordancia co disposto no artigo 3 do Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento das augas residuais urbanas.

Ao abeiro do disposto no artigo 6.4 da Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga, o Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día 3 de novembro de 2025, adoptou o acordo polo que se aproban as aglomeracións urbanas de Galicia para xestión dos sistemas de saneamento e depuración da Comunidade Autónoma de Galicia e dispón a publicación das devanditas aglomeracións urbanas no Rexistro de Aglomeracións Urbanas creado pola Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga.

Tendo en conta o anterior e ao abeiro do disposto no artigo 15.3.n) da Lei 9/2010, do 4 de novembro,

RESOLVO:

Publicar no *Diario Oficial de Galicia* un extracto do Acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 3 de novembro de 2025 polo que se aproban as aglomeracións urbanas de Galicia para xestión dos sistemas de saneamento e depuración da Comunidade Autónoma de Galicia.



Publicar na páxina web de Augas de Galicia o Acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 3 de novembro de 2025, polo que se aproban as aglomeracións urbanas de Galicia para xestión dos sistemas de saneamento e depuración da Comunidade Autónoma de Galicia e se dispón a publicación das devanditas aglomeracións urbanas no Rexistro de Aglomeracións Urbanas creado pola Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga.

Santiago de Compostela, 9 de decembro de 2025

Roi Fernández Añón
Director de Augas de Galicia

ANEXO

Extracto do Acordo polo que se aproban as aglomeracións urbanas de Galicia para a xestión dos sistemas de saneamento e de depuración da Comunidade Autónoma de Galicia

Antecedentes:

1. O 9 de novembro de 2000 o Consello da Xunta de Galicia aprobou o Plan de saneamento de Galicia de 2000-2015. Neste plan incluíase, como anexo, unha listaxe que recollía as principais aglomeracións urbanas de Galicia nese momento.

2. O 12 de xullo de 2022 aprobouse a Lei 1/2022 de mellora da xestión do ciclo integral da auga, que no seu artigo 6 establece que a Administración hidráulica de Galicia fixará as aglomeracións urbanas en que se estrutura o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. O 2 de maio de 2025 remitíronse comunicacións a todos os concellos de Galicia coa proposta inicial de delimitación das aglomeracións urbanas de saneamento de Galicia, para o cumprimento do recollido no artigo 6 da Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga.

4. O 2 de maio de 2025 publicouse no *Diario Oficial de Galicia* a Resolución de Augas de Galicia, do 11 de abril de 2025, pola que se somete a información pública a proposta de delimitación das aglomeracións urbanas de saneamento de Galicia.

O prazo de audiencia e información pública rematou o 3 de xullo de 2025. Durante este período recibíronse un total de 31 alegacións e 19 consultas formais.



5. O 15 de maio de 2025 remitiuse á Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, á Dirección Xeral da Auga, á Confederación Hidrográfica do Douro, á Confederación Hidrográfica do Cantábrico, O.A. e ao Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro a proposta inicial de delimitación das aglomeracións urbanas de saneamento de Galicia.

6. O 26 de setembro de 2025 a Subdirección Xeral de Planificación da Xestión dos Recursos Hídricos emitiu un informe da tramitación e proposta definitiva do rexistro oficial de aglomeracións urbanas de saneamento de Galicia.

Consideracións legais e técnicas:

I. O Consello da Xunta de Galicia é competente para aprobar as aglomeracións urbanas de Galicia para xestión dos sistemas de saneamento e de depuración da Comunidade Autónoma de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 6.4 da Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga.

II. A Directiva 91/271/CEE do Consello, do 21 de maio, sobre o tratamento das augas residuais urbanas, establece que os Estados membros adoptarán as medidas necesarias para garantir que as ditas augas son tratadas correctamente antes da súa vertedura.

A norma comunitaria impón a obriga de someter as devanditas augas residuais a tratamentos, máis ou menos rigorosos, en diferentes prazos. Os criterios que utiliza a directiva para fixar estas obrigas son o número de «habitantes-equivalentes», concepto definido en función da carga contaminante tanto de persoas como de animais e industrias e as «aglomeracións urbanas», que son as zonas que presentan unha concentración suficiente para a recollida e condución das augas residuais; así mesmo, tamén se toma en consideración a maior ou menor sensibilidade da zona en que van realizarse as verteduras.

A Directiva 91/271/CEE será derogada e substituída pola Directiva (UE) 2024/3019 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de novembro de 2024, sobre o tratamento das augas residuais urbanas a partir do 1 de agosto de 2027. Esta nova directiva reforza os requisitos para todas as aglomeracións urbanas de máis de 1.000 habitantes equivalentes, amplía o ámbito ás aglomeracións máis pequenas en zonas sensibles, establece novas obrigas sobre recollida de micropoluentes e eficiencia enerxética, e fixa prazos para acadar a neutralidade climática no sector do saneamento.



III. O Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento de augas residuais urbanas, tivo por obxecto a transposición ao ordenamento interno da Directiva 91/271/CEE.

A alínea d) do artigo 2 do Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, dispón que as comunidades autónomas fixarán, logo de audiencia aos concellos afectados, as aglomeracións urbanas en que se estrutura o seu territorio e o ente público representativo dos municipios a que corresponda establecerá, en cada caso, o cumprimento das obrigas estipuladas no Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro.

IV. A Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga, no seu artigo 6, establece que, coa finalidade de ordenar a xestión dos sistemas de saneamento e depuración da Comunidade Autónoma de Galicia e contribuír ao cumprimento das obrigas relacionadas co tratamento das augas residuais urbanas, a Administración hidráulica de Galicia fixará as aglomeracións urbanas en que se estrutura o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, en concordancia co disposto no artigo 3 do Real decreto lei 11/1995, do 28 de decembro, polo que se establecen as normas aplicables ao tratamento de augas residuais urbanas.

En conxunto, a lei configura un marco normativo que reforza a gobernanza, a transparencia e a eficiencia no ciclo integral da auga, establecendo a cooperación intermunicipal e a xestión supramunicipal como mecanismos clave para garantir o cumprimento das obrigas europeas e a sustentabilidade dos servizos de saneamento e depuración.

Cumprindo co establecido no número 3 do artigo 6 da citada Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga, a proposta inicial foi sometida á audiencia das administracións públicas responsables dos servizos de saneamento e de depuración afectados e das administracións públicas titulares das infraestruturas durante un prazo de dous meses, remitindo comunicación a todos os concellos de Galicia o día 2 de maio de 2025. Posteriormente, o día 15 de maio de 2025, completouse o envío á Confederación Hidrográfica Miño-Sil, Dirección Xeral da Auga, Confederación Hidrográfica do Douro, Confederación Hidrográfica do Cantábrico, O.A. e o Consorcio para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga do Louro.

De forma simultánea ao período de audiencia, a proposta inicial de delimitación das aglomeracións urbanas de saneamento de Galicia foi sometida a información pública durante un prazo de 2 meses, mediante Resolución de Augas de Galicia, do 11 de abril de 2025, publicada no *Diario Oficial de Galicia* do 2 de maio.



O prazo de audiencia e información pública rematou o 3 de xullo de 2025. Durante este período recibíronse un total de 31 alegacións e 19 consultas formais.

As consultas formais foron respondidas mediante o mesmo medio de recepción (correo electrónico) durante o trámite de audiencia. Trátase de consultas principalmente metodolóxicas, que non teñen a consideración de alegacións, nin implican ningunha petición de modificación do rexistro.

As alegación e achegas son respondidas no informe de tramitación e proposta definitiva no rexistro oficial de aglomeracións urbanas de saneamento de Galicia, da Subdirección Xeral de Planificación e Xestión dos Recursos Hídricos, do 26 de setembro de 2025.

Cómpre indicar que o inventario obxecto de aprobación substitúe o recollido no Plan de saneamento de Galicia 2000-2015.

Resolución:

Aprobar as aglomeracións urbanas de Galicia para xestión dos sistemas de saneamento e de depuración da Comunidade Autónoma de Galicia e dispoñer a publicación das devanditas aglomeracións urbanas no Rexistro de Aglomeracións Urbanas creado pola Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga.

Aglomeracións urbanas de Galicia en que se distribúe o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia para a xestión dos sistemas de saneamento e de depuración:

Código	Nome	Ente público representativo
15.001.05.06.01.0	Beldoña	Concello de Abegondo
15.001.10.09.01.0	Limiñón	Concello de Abegondo
15.002.01.13.01.0	A Ponte Nova	Concello de Ames
15.002.02.04.01.0	A Ameixeira	Concello de Ames
15.002.04.01.01.0	Novo Milladoiro	Concello de Ames
15.002.08.01.01.0	Bertamiráns	Concello de Ames
15.004.02.12.01.0	Ares-Mugardos-Fene	Concello de Fene
15.005.04.10.00.0	Barrañán (Arteixo)	Concello de Arteixo
15.005.06.18.01.0	A Groba	Concello de Arteixo
15.006.02.01.01.0	Arzúa	Concello de Arzúa
15.007.01.10.01.0	San Vicenzo	Concello da Baña



Código	Nome	Ente público representativo
15.008.01.01.01.0	Peteiro	Concello de Bergondo
15.008.02.10.01.0	Miodelo (Bergondo)	Concello de Bergondo
15.008.02.13.01.0	Fiobre	Concello de Bergondo
15.008.03.06.01.0	Viladesuso	Concello de Bergondo
15.008.07.05.01.0	Gandarío (Bergondo)	Concello de Bergondo
15.009.00.01.01.0	Betanzos	Concello de Betanzos
15.009.02.01.01.0	Guiliade	Concello de Betanzos
15.010.03.23.01.0	Lobomorto	Concello de Boimorto
15.011.04.07.01.0	Boiro	Concello de Boiro
15.012.02.06.01.0	Codeso	Concello de Boqueixón
15.012.07.04.01.0	Ponteledesma	Concello de Boqueixón
15.012.08.11.01.0	Ramil	Concello de Boqueixón
15.012.10.01.01.0	Pousada	Concello de Boqueixón
15.012.12.10.01.0	Pontenova	Concello de Boqueixón
15.014.03.06.00.0	Lodeiro (Cabana de Bergantiños)	Concello de Cabana de Bergantiños
15.014.04.18.01.0	Neaño	Concello de Cabana de Bergantiños
15.016.01.05.01.0	Camariñas	Concello de Camariñas
15.016.02.02.01.0	Camelle	Concello de Camariñas
15.016.03.04.01.0	Ponte do Porto	Concello de Camariñas
15.016.04.19.01.0	Xaviña	Concello de Camariñas
15.018.04.20.01.0	As Neves	Concello da Capela
15.019.04.11.01.0	Artes	Concello de Carballo
15.019.05.16.01.0	Queo de Abaixo	Concello de Carballo
15.019.06.03.01.0	Cances	Concello de Carballo
15.019.07.03.01.0	Carballo	Concello de Carballo
15.019.08.28.00.0	Ardaña (Carballo)	Concello de Carballo
15.019.11.09.01.0	Baldaio-Rebordelos	Concello de Carballo
15.019.12.12.01.0	Oza	Concello de Carballo
15.019.13.01.01.0	Razo	Concello de Carballo
15.019.13.03.01.0	Nétoma	Concello de Carballo
15.019.17.10.01.0	O Zarrallo	Concello de Carballo
15.020.02.01.01.0	Carnota	Concello de Carnota
15.021.02.05.01.0	Carral-Abegondo	Concello de Carral
15.021.02.19.01.0	Quenllo	Concello de Carral



Código	Nome	Ente público representativo
15.022.01.05.01.0	Cedeira	Concello de Cedeira
15.022.04.02.01.0	Montoxo	Concello de Cedeira
15.023.01.05.01.0	Lamas	Concello de Cee
15.023.03.01.01.0	Cee-Corcubión	Concello de Cee
15.023.04.03.01.0	Lires	Concello de Cee
15.024.01.08.01.0	Cerceda	Concello de Cerceda
15.024.02.26.01.0	Urbanización Xalo	Concello de Cerceda
15.024.05.32.01.0	Queixas	Concello de Cerceda
15.024.06.29.01.0	A Silva	Concello de Cerceda
15.027.03.03.01.0	Armea	Concello de Coirós
15.027.04.01.01.0	Coirós	Concello de Coirós
15.029.01.04.01.0	Agualada	Concello de Coristanco
15.029.03.08.01.0	Vilaverde	Concello de Coristanco
15.029.04.06.01.0	San Paio	Concello de Coristanco
15.029.12.08.01.0	Traba	Concello de Coristanco
15.029.13.02.01.0	Portoquintáns	Concello de Coristanco
15.030.05.01.01.0	A Coruña	Concello da Coruña
15.032.01.52.01.0	Teixeiro	Concello de Curtis
15.032.04.02.01.0	Curtis	Concello de Curtis
15.033.01.04.01.0	Dodriño	Concello de Dodro
15.033.02.05.01.0	Dodro	Concello de Dodro
15.034.05.05.01.0	Olveira	Concello de Dumbria
15.036.00.01.01.0	Ferrol-Narón	Concello de Ferrol
15.036.06.01.01.0	A Graña	Concello de Ferrol
15.037.03.02.01.0	Fisterra	Concello de Fisterra
15.038.06.06.01.0	Ponte Carreira	Concello de Frades
15.040.01.01.01.0	Laxe	Concello de Laxe
15.040.05.03.01.0	Soesto	Concello de Laxe
15.041.01.04.01.0	Braña Grande	Concello da Laracha
15.041.02.03.01.0	Caión-Pretratamento	Concello da Laracha
15.041.12.01.01.0	Estramil de Arriba	Concello da Laracha
15.041.12.06.01.0	A Laracha	Concello da Laracha
15.042.04.16.01.0	Portobravo	Concello de Lousame
15.042.05.17.01.0	Tállara	Concello de Lousame



Código	Nome	Ente público representativo
15.043.02.01.01.0	Buño	Concello de Malpica de Bergantiños
15.043.06.04.01.0	Malpica	Concello de Malpica de Bergantiños
15.043.06.08.01.0	Seaia	Concello de Malpica de Bergantiños
15.044.04.12.01.0	Porto do Barqueiro	Concello de Mañón
15.044.04.12.02.0	Mogor	Concello de Mañón
15.045.12.07.01.0	A Picota	Concello de Mazaricos
15.046.19.02.01.0	Melide	Concello de Melide
15.048.02.02.01.0	Callobre	Concello de Miño
15.048.03.02.01.0	Carantoña	Concello de Miño
15.048.06.02.01.0	Miño	Concello de Miño
15.048.07.05.01.0	Ponte Baxoi-Perbes	Concello de Miño
15.052.07.17.01.0	Os Muíños	Concello de Muxía
15.052.09.01.01.0	Muxía	Concello de Muxía
15.052.12.11.01.0	Quintáns	Concello de Muxía
15.053.02.00.00.0	Esteiro	Concello de Muros
15.053.04.05.01.0	Muros	Concello de Muros
15.054.10.13.01.0	Pedroso	Concello de Narón
15.054.11.02.01.0	Sedes	Concello de Narón
15.055.02.01.01.0	Neda	Concello de Neda
15.055.03.77.01.0	Casadelos	Concello de Neda
15.056.00.01.01.0	Negreira	Concello de Negreira
15.057.00.01.01.0	Noia	Concello de Noia
15.057.02.04.01.0	A Barquiña	Concello de Noia
15.057.02.18.01.0	Barro	Concello de Noia
15.058.01.04.01.0	Lorbé	Concello de Oleiros
15.058.07.22.01.0	Oleiros	Concello de Oleiros
15.058.09.07.01.0	Xunqueiro	Concello de Oleiros
15.059.08.08.01.0	Maquía	Concello de Ordes
15.059.09.16.01.0	Ordes	Concello de Ordes
15.060.07.07.01.0	Sigüeiro	Concello de Oroso
15.061.08.18.01.0	Espasante	Concello de Ortigueira
15.061.18.10.01.0	Mera	Concello de Ortigueira
15.061.21.01.01.0	Ortigueira	Concello de Ortigueira
15.061.23.77.01.0	Santa Mariña	Concello de Ortigueira



Código	Nome	Ente público representativo
15.061.26.21.01.0	A Veiga	Concello de Ortigueira
15.062.01.13.01.0	A Ponte Nafonso	Concello de Outes
15.062.06.15.01.0	Outes	Concello de Outes
15.064.02.01.01.0	A Pena	Concello de Paderne
15.064.09.02.01.0	Viñas	Concello de Paderne
15.065.01.08.01.0	Carcacía	Concello de Padrón
15.065.02.11.01.0	Cambelas	Concello de Padrón
15.065.03.05.01.0	Herbón	Concello de Padrón
15.065.04.29.01.0	A Ponte-Campo da Insua	Concello de Padrón
15.065.05.05.01.0	Padrón	Concello de Padrón
15.066.01.08.01.0	O Pino	Concello do Pino
15.066.03.08.01.0	Santiso	Concello do Pino
15.067.01.13.99.0	A Pobra do Caramiñal	Concello da Pobra do Caramiñal
15.068.05.01.01.0	Corme	Concello de Ponteceso
15.068.06.07.01.0	Ponteceso	Concello de Ponteceso
15.068.12.02.01.0	Pazos (Ponteceso)	Concello de Ponteceso
15.069.06.04.01.0	Ombre	Concello de Pontedeume
15.069.07.01.01.0	Cabanas-Pontedeume	Concello de Pontedeume
15.070.05.39.01.0	As Pontes de García Rodríguez	Concello das Pontes de García Rodríguez
15.071.01.01.01.0	Baroña	Concello de Porto do Son
15.071.01.07.01.0	Orellán	Concello de Porto do Son
15.071.02.01.01.0	Xuño	Concello de Porto do Son
15.071.06.11.01.0	Seráns	Concello de Porto do Son
15.071.08.11.01.0	Porto do Son	Concello de Porto do Son
15.072.03.02.01.0	Isorna	Concello de Rianxo
15.072.04.08.01.0	Leiro	Concello de Rianxo
15.072.05.05.01.0	Rianxo	Concello de Rianxo
15.073.05.01.01.0	Corrubedo (Ribeira)	Concello de Ribeira
15.073.09.08.01.0	Ribeira	Concello de Ribeira
15.074.08.05.01.0	O Sisto	Concello de Rois
15.074.09.06.01.0	Antequera	Concello de Rois
15.074.10.04.01.0	Meana	Concello de Rois
15.074.11.06.01.0	Seaxe	Concello de Rois
15.074.12.03.01.0	Urdilde	Concello de Rois



Código	Nome	Ente público representativo
15.075.06.01.01.0	Sada	Concello de Sada
15.075.08.03.01.0	Veigue-San Pedro	Concello de Sada
15.076.07.07.01.0	San Sadurniño	Concello de San Sadurniño
15.077.14.12.02.0	Santa Comba	Concello de Santa Comba
15.078.01.04.00.0	Aríns	Concello de Santiago de Compostela
15.078.19.06.01.0	A Lavacolla	Concello de Santiago de Compostela
15.078.29.11.01.0	Santiago de Compostela	Concello de Santiago de Compostela
15.080.08.20.01.0	Sobrado	Concello de Sobrado
15.082.01.03.01.0	Covas-Os Tilos	Concello de Teo
15.082.01.14.01.0	Procelas de Abaixo	Concello de Teo
15.082.02.00.00.0	Calo-O Milladoiro	Concello de Ames
15.082.02.23.01.0	San Domingo	Concello de Teo
15.082.03.04.01.0	Lampai	Concello de Teo
15.082.09.12.01.0	Pontevea	Concello de Teo
15.082.10.02.01.0	Santa María de Teo	Concello de Teo
15.084.04.11.01.0	Pontepedra	Concello de Tordoia
15.085.17.03.01.0	Touro	Concello de Touro
15.087.00.00.00.0	Valdoviño	Concello de Valdoviño
15.088.02.01.01.0	Bembibre	Concello de Val do Dubra
15.088.09.04.01.0	Portomouro	Concello de Val do Dubra
15.089.04.11.01.0	Moreira	Concello de Vedra
15.089.05.08.01.0	A Ponte Ulla	Concello de Vedra
15.089.07.10.01.0	San Xíán	Concello de Vedra
15.092.07.02.01.0	Mouzo	Concello de Vimianzo
15.092.14.10.00.0	Vimianzo	Concello de Vimianzo
15.093.02.02.01.0	Baio (Zas)	Concello de Zas
15.093.16.03.01.0	Zas	Concello de Zas
15.901.01.01.01.0	Cariño	Concello de Cariño
15.902.15.04.01.0	Maial	Concello de Oza-Cesuras
15.902.18.03.01.0	Santa Cruz	Concello de Oza-Cesuras
27.001.01.01.01.0	Abadín	Concello de Abadín
27.005.01.06.01.0	San Bartolo	Concello de Barreiros
27.005.01.07.01.0	San Cosme	Concello de Barreiros
27.005.06.16.01.0	Sarxende	Concello de Barreiros



Código	Nome	Ente público representativo
27.005.06.17.01.0	San Miguel	Concello de Barreiros
27.005.07.04.01.0	Reinante	Concello de Barreiros
27.006.03.01.00.0	Becerreá	Concello de Becerreá
27.007.16.07.01.0	Saavedra	Concello de Begonte
27.009.18.01.01.0	A Barrela	Concello de Carballedo
27.010.09.06.01.0	Castro de R. de Lea	Concello de Castro de Rei
27.011.37.01.01.0	Castroverde	Concello de Castroverde
27.013.01.01.01.0	Burela	Concello de Burela
27.013.03.02.01.0	Cervo	Concello de Cervo
27.013.04.05.01.0	San Cibrao (Cervo)	Concello de Cervo
27.014.13.02.01.0	Chamoso	Concello do Corgo
27.014.26.02.01.0	Estación de Laxosa	Concello do Corgo
27.015.15.07.01.0	Feira do Monte	Concello de Cospeito
27.016.13.01.01.0	Chantada	Concello de Chantada
27.017.02.04.01.0	Folgoso do Courel	Concello de Folgoso do Courel
27.018.09.01.01.0	A Fonsagrada	Concello da Fonsagrada
27.018.09.01.02.0	A Fonsagrada	Concello da Fonsagrada
27.019.00.00.00.0	Foz	Concello de Foz
27.019.01.03.01.0	Cangas (Foz)	Concello de Foz
27.019.03.06.01.0	Fazouro	Concello de Foz
27.019.06.06.01.0	Nois	Concello de Foz
27.019.08.14.01.0	San Martiño	Concello de Foz
27.019.09.07.01.0	Vilaronte (Foz)	Concello de Foz
27.020.09.01.01.0	Friol Núcleo Sur	Concello de Friol
27.020.09.01.03.0	Friol Núcleo Norte	Concello de Friol
27.022.04.10.01.0	Guitiriz	Concello de Guitiriz
27.022.08.07.01.0	Parga	Concello de Guitiriz
27.023.10.01.01.0	Guntín	Concello de Guntín
27.025.07.09.00.0	Palmeiro (Xove)	Concello de Xove
27.025.07.09.02.0	Caínzos	Concello de Xove
27.026.14.02.01.0	A Pobra de San Xiao	Concello de Láncara
27.027.03.25.01.0	Lourenzá	Concello de Lourenzá
27.028.27.01.01.0	Lugo	Concello de Lugo
27.029.01.13.01.0	Meira	Concello de Meira



Código	Nome	Ente público representativo
27.030.09.01.01.0	Mondoñedo	Concello de Mondoñedo
27.031.17.09.01.0	Monforte de Lemos	Concello de Monforte de Lemos
27.032.15.05.01.0	Monterroso	Concello de Monterroso
27.034.12.02.01.0	A Proba	Concello de Navia de Suarna
27.039.15.12.01.0	Outeiro de Rei	Concello de Outeiro de Rei
27.040.29.02.01.0	Palas de Rei	Concello de Palas de Rei
27.041.10.04.01.0	Ferreira de Pantón	Concello de Pantón
27.042.12.05.01.0	Paradela	Concello de Paradela
27.044.04.33.01.0	Bretoña	Concello da Pastoriza
27.045.09.01.01.0	Pedrafita	Concello de Pedrafita do Cebreiro
27.046.15.01.01.0	Mosteiro	Concello de Pol
27.048.03.05.01.0	A Pontenova	Concello da Pontenova
27.049.12.03.01.0	Portomarín	Concello de Portomarín
27.050.16.08.01.0	Quiroga	Concello de Quiroga
27.051.08.01.01.0	Ribadeo	Concello de Ribadeo
27.052.05.13.01.0	San Clodio	Concello de Ribas de Sil
27.054.08.12.01.0	As Rodrigues	Concello de Riotorto
27.055.20.04.01.0	Samos	Concello de Samos
27.056.01.01.01.0	Rábade	Concello de Rábade
27.057.13.03.01.0	Oural	Concello de Sarria
27.057.41.01.01.0	Sarria	Concello de Sarria
27.058.26.02.01.0	Polígono Escairón	Concello de O Saviñao
27.059.04.02.01.0	Sober	Concello de Sober
27.060.06.05.01.0	Taboada	Concello de Taboada
27.061.05.41.01.0	Trabada	Concello de Trabada
27.062.07.04.01.0	Triacastela	Concello de Triacastela
27.063.03.03.01.0	Alfoz-O Valadouro	Concello do Valadouro
27.064.05.04.01.0	Folgueiro	Concello do Vicedo
27.064.07.26.01.0	O Vicedo	Concello do Vicedo
27.065.28.01.01.0	Vilalba	Concello de Vilalba
27.066.12.01.01.0	Viveiro	Concello de Viveiro
27.901.03.01.01.0	Baralla	Concello de Baralla
32.001.03.01.01.0	Allariz	Concello de Allariz
32.002.02.01.01.0	Amoeiro	Concello de Amoeiro



Código	Nome	Ente público representativo
32.002.02.01.02.0	Ponte Freixa	Concello de Amoeiro
32.002.03.04.01.0	Bóveda	Concello de Amoeiro
32.002.08.02.01.0	Trasalba	Concello de Amoeiro
32.003.01.20.01.0	A Arnoia	Concello da Arnoia
32.004.01.01.01.0	Abelenda	Concello de Avión
32.004.03.02.01.0	Avión	Concello de Avión
32.006.01.01.01.0	Bande 2	Concello de Bande
32.006.01.01.02.0	Vilameá	Concello de Bande
32.007.01.01.01.0	Almoite	Concello de Baños de Molgas
32.007.03.02.01.0	Baños de Molgas	Concello de Baños de Molgas
32.008.05.01.01.0	Barbadás Norte	Concello de Barbadás
32.009.02.01.01.0	O Barco de Valdeorras	Concello do Barco de Valdeorras
32.009.05.01.01.0	Éntoma	Concello do Barco de Valdeorras
32.011.01.02.01.0	Beariz	Concello de Beariz
32.013.06.05.01.0	Feás	Concello de Boborás
32.014.03.05.01.0	Santa Baia	Concello da Bola
32.014.08.03.01.0	Veiga	Concello da Bola
32.015.01.01.01.0	O Bolo	Concello do Bolo
32.017.03.01.01.0	Casaio	Concello de Carballeda de Valdeorras
32.018.04.01.01.0	Carballeda de Avia	Concello de Carballeda de Avia
32.019.00.00.00.0	Carrás (O Carballiño)	Concello do Carballiño
32.019.01.04.01.0	Seoane (O Carballiño)	Concello do Carballiño
32.019.07.03.01.0	Río Arenteiro (O Carballiño)	Concello do Carballiño
32.021.04.01.01.0	Nocedo do Val	Concello de Castrelo do Val
32.023.04.01.01.0	Castro Caldelas	Concello de Castro Caldelas
32.024.14.06.01.0	Celanova	Concello de Celanova
32.024.18.05.01.0	Vilanova-Estrada de Ourense	Concello de Celanova
32.025.03.09.01.0	Laías	Concello de Cenlle
32.026.09.09.01.0	Vilarchao	Concello de Coles
32.026.10.09.01.0	A Reguenga-Ribela	Concello de Coles
32.026.11.02.01.0	A Torre	Concello de Coles
32.027.01.03.01.0	Pazo	Concello de Cortegada
32.027.02.01.01.0	A Ponte	Concello de Cortegada
32.027.02.01.02.0	Balneario Cortegada	Concello de Cortegada



Código	Nome	Ente público representativo
32.027.03.01.01.0	San Bieito	Concello de Cortegada
32.028.04.01.01.0	Cualedro	Concello de Cualedro
32.028.05.01.01.0	A Xironda 1	Concello de Cualedro
32.030.01.03.01.0	O Real	Concello de Entrimo
32.030.01.03.02.0	A Terrachá	Concello de Entrimo
32.031.02.03.01.0	Esgos	Concello de Esgos
32.032.05.01.01.0	San Vitorio	Concello de Xinzo de Limia
32.032.08.01.01.0	Lamas	Concello de Xinzo de Limia
32.032.12.01.01.0	Morgade	Concello de Xinzo de Limia
32.032.20.02.01.0	Xinzo de Limia	Concello de Xinzo de Limia
32.035.01.10.01.0	O Irixo	Concello do Irixo
32.036.05.04.01.0	Xunqueira de Ambía	Concello de Xunqueira de Ambía
32.037.04.13.01.0	Carbuíz	Concello de Xunqueira de Espadanedo
32.038.02.01.01.0	Larouco	Concello de Larouco
32.039.06.02.01.0	Laza	Concello de Laza
32.040.01.01.01.0	Berán	Concello de Leiro
32.040.05.03.01.0	Leiro	Concello de Leiro
32.042.07.13.01.0	Lobios	Concello de Lobios
32.042.09.06.01.0	Río Caldo	Concello de Lobios
32.043.07.05.01.0	Maceda	Concello de Maceda
32.043.10.07.01.0	Tioira	Concello de Maceda
32.044.03.01.01.0	Manzaneda	Concello de Manzaneda
32.045.06.03.01.0	Maside	Concello de Maside
32.046.01.07.01.0	Melón	Concello de Melón
32.046.02.11.01.0	Quins	Concello de Melón
32.047.06.11.01.0	O Val	Concello da Merca
32.047.09.05.01.0	Parderrubias	Concello da Merca
32.048.06.01.01.0	Camión Regueiro	Concello da Mezquita
32.049.13.02.01.0	Montederramo	Concello de Montederramo
32.050.03.02.01.0	Flariz	Concello de Monterrei
32.050.06.01.01.0	Medeiros	Concello de Monterrei
32.051.01.10.01.0	Barxés	Concello de Muíños
32.051.07.02.01.0	Mugueimes 2	Concello de Muíños
32.052.02.09.01.0	San Miguel	Concello de Nogueira de Ramuín



Código	Nome	Ente público representativo
32.052.13.02.01.0	Luíntra	Concello de Nogueira de Ramuín
32.053.04.01.01.0	O Rosal	Concello de Oímbra
32.053.06.01.01.0	San Cibrao	Concello de Oímbra
32.054.01.27.01.0	Os Beleiros-Casar do Mato	Concello de Ourense
32.054.13.02.01.0	Ourense	Concello de Ourense
32.055.05.02.01.0	Golpellás	Concello de Paderne de Allariz
32.055.09.08.01.0	Siabal	Concello de Paderne de Allariz
32.055.10.01.01.0	Solbeira	Concello de Paderne de Allariz
32.056.02.17.01.0	San Amaro	Concello de Padrenda
32.056.03.09.01.0	Frieira	Concello de Padrenda
32.057.05.03.01.0	Fondo de Vila	Concello de Parada de Sil
32.058.02.04.01.0	Loñoá	Concello do Pereiro de Aguiar
32.058.02.07.01.0	Tapada Bouzas	Concello do Pereiro de Aguiar
32.058.04.03.01.0	Monterrei	Concello do Pereiro de Aguiar
32.058.05.04.01.0	Melias	Concello do Pereiro de Aguiar
32.058.06.02.01.0	A Derrasa	Concello do Pereiro de Aguiar
32.058.08.14.01.0	Santa Marta	Concello do Pereiro de Aguiar
32.058.08.15.01.0	Veiga Dabaixo	Concello do Pereiro de Aguiar
32.058.09.02.01.0	O Pereiro	Concello do Pereiro de Aguiar
32.058.10.04.01.0	Sabadelle	Concello do Pereiro de Aguiar
32.059.10.05.01.0	A Peroxa	Concello da Peroxa
32.060.05.01.01.0	Petín Compacta	Concello de Petín
32.063.13.01.01.0	A Pobra de Trives	Concello da Pobra de Trives
32.067.06.06.01.0	Rairiz de Veiga	Concello de Rairiz de Veiga
32.069.09.01.01.0	Ribadavia	Concello de Ribadavia
32.070.07.03.01.0	San Xoán de Río	Concello de San Xoán de Río
32.072.02.01.01.0	A Rúa	Concello da Rúa
32.073.09.03.01.0	Rubiá 2	Concello de Rubiá
32.073.09.03.02.0	Rubiá 1	Concello de Rubiá
32.075.06.02.01.0	San Cibrao das Viñas	Concello de San Cibrao das Viñas
32.075.07.18.01.0	Loiro-Outeiro	Concello de San Cibrao das Viñas
32.076.02.01.01.0	San Cristovo de Cea	Concello de San Cristovo de Cea
32.077.01.02.01.0	Vilariño das Poldras	Concello de Sandiás
32.078.09.03.01.0	Sarreaus	Concello de Sarreaus



Código	Nome	Ente público representativo
32.079.05.06.01.0	A Petada	Concello de Taboadela
32.081.01.11.01.0	Alongos	Concello de Toén
32.081.04.03.01.0	Mugares	Concello de Toén
32.082.01.01.01.0	Abavides	Concello de Trasmiras
32.082.03.01.01.0	Escornaboís	Concello de Trasmiras
32.082.05.02.01.0	Trasmiras	Concello de Trasmiras
32.083.27.01.01.0	A Veiga	Concello da Veiga
32.085.14.01.01.0	Verín	Concello de Verín
32.086.32.01.01.0	A Galega	Concello de Viana do Bolo
32.086.32.01.02.0	Murio	Concello de Viana do Bolo
32.086.32.01.03.0	Viana do Bolo (Terroso)	Concello de Viana do Bolo
32.086.32.01.04.0	Viana do Bolo (Residencia)	Concello de Viana do Bolo
32.087.08.18.01.0	Vilamarín	Concello de Vilamarín
32.088.01.01.01.0	Arcos	Concello de Vilamartín de Valdeorras
32.088.11.01.01.0	Vilamartín de Valdeorras	Concello de Vilamartín de Valdeorras
32.089.02.01.01.0	Arnuide-Río Arnoia	Concello de Vilar de Barrio
32.089.09.01.01.0	Vilar de Barrio	Concello de Vilar de Barrio
32.090.01.03.01.0	As Casas da Veiga	Concello de Vilar de Santos
32.091.01.01.01.0	Arzádegos	Concello de Vilardevós
32.091.11.01.01.0	Vilardevós	Concello de Vilardevós
36.001.01.11.01.0	As Eiras	Concello de Arbo
36.001.01.40.01.0	Arbo-Estación	Concello de Arbo
36.001.02.06.01.0	A Cividá	Concello de Arbo
36.001.03.06.01.0	Cabeiras	Concello de Arbo
36.001.05.30.01.0	Arbo	Concello de Arbo
36.001.06.02.01.0	As Valiñas	Concello de Arbo
36.002.03.04.01.0	Portela	Concello de Barro
36.002.04.13.01.0	San Antoniño	Concello de Barro
36.003.04.01.01.0	Baiona	Concello de Baiona
36.004.03.01.01.0	Bueu	Concello de Bueu
36.005.02.06.01.0	Os Castaños	Concello de Caldas de Reis
36.005.03.01.01.0	Caldas de Reis	Concello de Caldas de Reis
36.005.04.02.01.0	Feitosa	Concello de Caldas de Reis
36.005.04.04.01.0	O Cruceiro	Concello de Caldas de Reis



Código	Nome	Ente público representativo
36.005.06.02.01.0	Baltar	Concello de Caldas de Reis
36.005.08.12.01.0	Saiar	Concello de Caldas de Reis
36.006.02.08.01.0	O Facho	Concello de Cambados
36.006.03.08.01.0	Cambados-Vilanova de Arousa	Concello de Cambados
36.008.04.01.01.0	Cangas	Concello de Cangas
36.009.02.03.00.0	A Cañiza	Concello da Cañiza
36.009.09.52.01.0	Valeixe	Concello da Cañiza
36.010.02.04.01.0	Catoira	Concello de Catoira
36.013.05.05.01.0	Covelo	Concello de Covelo
36.014.01.10.01.0	Santa Marta	Concello de Crecente
36.014.04.05.01.0	Crecente	Concello de Crecente
36.015.04.05.01.0	Cuntis	Concello de Cuntis
36.015.08.05.01.0	Hervés	Concello de Cuntis
36.017.19.02.01.0	A Estrada	Concello da Estrada
36.017.32.03.01.0	Ouzande	Concello da Estrada
36.018.04.06.01.0	A Ponte	Concello de Forcarei
36.019.01.01.01.0	Calvos	Concello de Fornelos de Montes
36.019.03.02.01.0	Portovilar	Concello de Fornelos de Montes
36.021.05.10.01.0	Gondomar	Concello de Gondomar
36.022.01.09.01.0	O Grove	Concello do Grove
36.022.01.14.01.0	A Toxa	Concello do Grove
36.022.02.19.01.0	San Vicente do Mar	Concello do Grove
36.023.02.01.01.0	A Guarda-O Rosal	Concello da Guarda
36.024.14.03.01.0	Catasós	Concello de Lalín
36.024.27.07.01.0	Lalín	Concello de Lalín
36.027.04.03.01.0	Meaño	Concello de Sanxenxo
36.027.05.07.01.0	A Bouza	Concello de Meaño
36.028.05.14.01.0	Baralla (Zacande)	Concello de Meis
36.028.06.05.01.0	O Pazo (Mosteiro)	Concello de Meis
36.028.08.11.01.0	Outeiro	Concello de Meis
36.029.05.01.01.0	Moaña	Concello de Moaña
36.030.01.04.01.0	A Chaleira	Concello de Mondariz
36.030.05.06.01.0	O Val	Concello de Mondariz
36.030.12.05.01.0	A Peteira	Concello de Mondariz



Código	Nome	Ente público representativo
36.031.01.01.01.0	Mondariz-Balneario	Concello de Mondariz-Balneario
36.032.09.10.01.0	Moraña	Concello de Moraña
36.033.04.10.01.0	San Antolío	Concello de Mos
36.034.05.06.01.0	As Neves Estación	Concello das Neves
36.034.05.06.02.0	As Neves	Concello das Neves
36.034.09.05.01.0	Pazo	Concello das Neves
36.034.12.09.01.0	Venda-Rial	Concello das Neves
36.035.07.11.01.0	Nigrán	Concello de Nigrán
36.036.03.07.01.0	Mougás	Concello de Oia
36.036.04.04.01.0	Pedornes	Concello de Oia
36.036.06.06.01.0	Viladesuso	Concello de Oia
36.037.05.02.01.0	Moscoso	Concello de Pazos de Borbén
36.037.06.01.01.0	Nespereira	Concello de Pazos de Borbén
36.037.07.02.01.0	Pazos de Borbén	Concello de Pazos de Borbén
36.038.10.06.01.0	Pontevedra-Marín-Poio	Concello de Pontevedra
36.040.02.05.01.0	Cachal	Concello de Portas
36.040.03.20.01.0	Rapeira	Concello de Portas
36.042.23.01.01.0	Ponteareas	Concello de Ponteareas
36.042.24.11.01.0	Bugarín	Concello de Ponteareas
36.043.06.03.01.0	Chan do Casal	Concello de Ponte Caldelas
36.043.07.02.01.0	Cuñas	Concello de Ponte Caldelas
36.043.07.09.01.0	Ponte Caldelas	Concello de Ponte Caldelas
36.043.09.01.01.0	Buchabade	Concello de Ponte Caldelas
36.043.09.05.01.0	Vilarchán	Concello de Ponte Caldelas
36.044.01.00.00.0	Pontecesures	Concello de Pontecesures
36.045.08.01.01.0	Redondela	Concello de Redondela
36.046.01.06.01.0	Barrantes (Ribadumia)	Concello de Ribadumia
36.046.05.01.01.0	Lantañón (Vilanoviña)	Concello de Ribadumia
36.047.17.06.01.0	Rodeiro	Concello de Rodeiro
36.050.07.18.01.0	Oleiros	Concello de Salvaterra de Miño
36.050.14.01.00.0	Salvaterra de Miño	Concello de Salvaterra de Miño
36.050.14.11.01.0	Destros	Concello de Salvaterra de Miño
36.051.08.10.01.0	Sanxenxo	Concello de Sanxenxo
36.052.16.02.01.0	Bandeira	Concello de Silleda



Código	Nome	Ente público representativo
36.052.30.08.01.0	Silleda	Concello de Silleda
36.053.01.01.99.0	Arcade (Soutomaior)-Vilaboa-Pontevedra	Concello de Soutomaior
36.053.02.09.00.0	Comboa (Soutomaior)	Concello de Soutomaior
36.054.14.00.00.0	Tomiño	Concello de Tomiño
36.055.12.01.01.0	Tui	Concello do Porriño
36.056.03.02.01.0	Cernadas	Concello de Valga
36.056.04.00.00.0	Valga	Concello de Valga
36.057.14.03.01.0	Vigo (Lagares)	Concello de Vigo
36.057.27.00.00.0	Vigo (Teis)	Concello de Vigo
36.058.05.00.00.0	Riomaor (Vilaboa)	Concello de Vilaboa
36.059.10.01.01.0	Besexos	Concello de Vila de Cruces
36.059.14.03.01.0	Merza	Concello de Vila de Cruces
36.060.12.01.01.0	Vilagarcía de Arousa	Concello de Vilagarcía de Arousa
36.061.05.00.01.0	A Illa de Arousa	Concello da Illa de Arousa
36.902.04.04.01.0	Chan-Carballo	Concello de Cerdedo-Cotobade
36.902.07.07.01.0	Cerdedo	Concello de Cerdedo-Cotobade
36.902.18.04.01.0	Tenorio	Concello de Cerdedo-Cotobade
36.902.21.10.01.0	Viascón	Concello de Cerdedo-Cotobade

